

TAMARA WASSAF

Fraxilidade Suspendida

Observación do cotiá, imaxinarios afastados, flores e teas que me recordan as mulleres da miña familia en Arxentina; miradas intensas e unha sensación de nostalxia, de *fraxilidade suspendida*.

Museo Provincial do Mar



**EU... TI...
ELAS...
NOSOUTRAS
NOSOUTRXS
EN REDE**



EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs, existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos, dispares na forma, unívocos no fondo, solidarios coa desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o EU subordinado. Olló! Un EU que podes ser TI, ELAS, NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa

Neste proxecto exploro a noción dun retrato expandido, indago máis aló do suxeito retratado chegando por momentos a unha desaparición do corpo, un corpo sen carne, un pregue no espazo. Muller, pano, flores, son propios do imaxinario feminino que aquí se formulaen desde un exercicio de reflexión, onde as miradas cobran forza, son seguras e non obedientes, onde as teas comen a muller, fana invisible, procurando, dalgún modo, unha revisión da historia.



Contacto
www.tamarawassaf.com
hola@tamarawassaf.com
